

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de xaneiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a aprobación da licenza urbanística para implantación de novo centro biotecnolóxico en edificio existente con licenzas 104/07, 340/08, 437/08 e primeira utilización 151-08, para actividade de laboratorio de análise clínicos, na rúa do Vidro, parcelas 26, Polígono Industrial o Ceao. (2024/Y001/000176).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación estatutos e bases de actuación do SUD S-16.R (por adhesión aos municipais) e constitución da Xunta de Compensación.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das seguintes bases específicas: para o acceso en propiedade de 1 praza de auxiliar de biblioteca pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2024) para o acceso en propiedade de 1 praza de celador/a de CEIP pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2024); para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (oep 2024); para o acceso en propiedade de 1 praza de ordenanza pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7469984396645442364.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-1-2025

Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024); para o acceso en propiedade de 1 praza de traballador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024); para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial vixiante recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2024) e para o acceso en propiedade de 3 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024).

4.CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga dende o 18.01.2025 ata o 17.01.2026 na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación dos C.E.I.P e escolas infantís municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2023/C003/000028.

Tamén se acorda a prórroga dende o 18.01.2025 ata o 17.01.2026 na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación dos edificios municipais do Concello de Lugo. (Exp. ref. 2023/C003/000031.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de mantemento da sinalización horizontal na zona urbana e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2024-C003-000041.

5. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lugo para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do grao en nutrición humana e dietética da Facultade de Ciencias.

Fóra da orde do día

- Contratación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2024/C003/000028. Adxudicación.

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Entidade Concello de Lugo para a xestión da programación da rede Galega de

Teatros e Auditorios do primeiro semestre do ano 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.